

OBSERVACIÓN DE TRES REACCIONES QUÍMICAS

Objetivo: Observar tres reacciones químicas diferentes e escribir as súas ecuacións.

Material: vaso de precipitados, pila de petaca, cables, tubo de ensaio, mecheiro.

Reactivos: Cinta de magnesio, auga, sodio metal.

Procedemento:

A- COMBUSTIÓN DO MAGNESIO. (Magnesio+Osíxeno → Óxido de Magnesio)

1- Con axuda dunhas pinzas colle un anaco de cinta de magnesio.

2- Achégalle a chama dun mecheiro e observa o resultado.

ACTIVIDADES:

a) Explica como realizaches a reacción no laboratorio e o que observaches.

b) Escribe a reacción axustada e indica cales son os reactivos e os produtos.

B- ELECTRÓLISE DA AUGA. (Auga → Hidróxeno+Osíxeno)

1- Nun vaso de precipitados bota uns 100 ml de auga.

2- Adiciona unhas gotas de ácido sulfúrico.

3- Conecta dous cables metálicos ós bornes dunha pila de petaca e introdúceos no vaso.

ACTIVIDADES:

a) Explica o que fixeches no laboratorio e o que observaches.

b) Escribe a reacción química axustada e indica cales son os reactivos e os produtos.

c) ¿De que son as burbullas que se desprenden nos fíos metálicos?.

C- REACCIÓN DO SODIO COA AUGA.

(Sodio + Auga → Hidróxido de sodio + Hidróxeno)

1- Cóllese un trozo pequeno de sodio metálico.

2- Depositase sobre auga e obsérvase o resultado.

ACTIVIDADES

a) Explica o que fixeches no laboratorio e o que observaches.

b) Escribe a reacción química axustada e indica cales son os reactivos e os produtos